

DEREITO E PERSOAS CON DISCAPACIDADE. UNHA EXPERIENCIA UNIVERSITARIA

José Antonio Seoane

Prof. Titular de Filosofía do Dereito da Universidade da Coruña

Marcos A. López Suárez

*Doutor en Dereito. Prof. Axudante de Dereito Civil da
Universidade da Coruña*

Marta Núñez López

Investigadora do Área de Dereito Constitucional

RESUMO:

A Universidade da Coruña dispón dun servizo para a promoción da accesibilidade e a igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade: a Unidade universitaria de atención á diversidade (ADI). Nela participa un grupo de estudantes, persoal de administración e servizos e persoal docente e investigador da Facultade de Dereito (Grupo de Dereito-ADI). A súa actuación se reflicte na elaboración de tres informes, nos que se reflexiona desde unha perspectiva xurídica sobre diversos aspectos relacionados co desenvolvemento cotián das persoas con discapacidade, sobre a remoción de barreiras para a súa integración na comunidade universitaria e sobre a tutela dos seus dereitos.

Palabras chave: Accesibilidade; Dereito; Discapacidade; Igualdade; Universidade; Universidade da Coruña.

ABSTRACT:

The University Diversity Attention Service (ADI) is a Service of the University of A Coruña for improving the accessibility and equality in opportunities for people with disabilities. The Faculty of Law is represented by the Law-ADI Group, which consists of some members of the administrative and service staff, some members of the teaching and research staff, and a group of students. The Law-ADI Group has drawn up three reports, reflecting from the legal point of view on some matters related to the daily development of disabled people at the University, the removal of different barriers in order to encourage the integration of people with disability in the university community and the protection of their rights.

Keywords: Accesibility; Law; Disability; Equality; University; University of A Coruña.

***Dereito e persoas con discapacidade.
Unha experiencia universitaria.***

A Unidade universitaria de atención á diversidade da Universidade da Coruña (ADI) é un servizo universitario de recente creación, integrado no Centro Universitario de formación e innovación educativa (CUFIE) da Universidade da Coruña (UDC). A súa finalidade é a promoción da accesibilidade universal e a igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade na UDC. O principio chave e fundacional da ADI e do seu proxecto de traballo máis sobranceiro é a promoción da accesibilidade universal e igualitaria respecto da eliminación de barreiras na UDC: arquitectónico-físicas, lingüístico-comunicativas, culturais, socioeconómicas, xurídicas, psicopedagóxicas, sociopedagóxicas, etc. A súa misión ou cometido principal é facilitar a plena integración do estudiantado, o persoal de administración e servizos e o profesorado da UDC que, por razóns físicas, sensoriais, intelectuais ou socio-culturais, experimentan dificultades ou barreiras externas a un acceso axeitado e igualitario ao entorno educativo e laboral na UDC. Para o desenvolvemento da súa misión, a ADI se artella como un grupo interdisciplinar e intersectorial, cunha dupla finalidade: investigar as necesidades da comunidade universitaria neste ámbito, e intervir na eliminación das barreiras descubertas.

No mes de abril de 2005 o Decanato da Facultade de Dereito recibiu unha proposta para a constitución dun grupo de traballo a se integrar no seo da ADI, para colaborar nas súas actividades e, en particular, identificar as necesidades específicas do estudiantado e elaborar recomendacións para mellorar a súa situación no centro.

O Secretario da Facultade de Dereito presentou a proposta ás persoas interesadas nunha xuntanza celebrada o 11 de maio de 2005, na que se constituíu o grupo de Dereito-ADI, integrado inicialmente por membros do persoal docente e investigador. Os asistentes acordaron estender a invitación aos membros dos outros dous sectores da comunidade universitaria: o persoal de administración e servizos e os estudantes. Finalmente, ao remate do mes de maio completouse o Grupo de Dereito-ADI, integrado inicialmente polos seguintes membros:

- José Manuel Busto Lago (PDI)
- Marcos A. López Suárez (PDI)
- Emma Montanos Ferrín (PDI)
- Marta Núñez López (PDI; estudante de terceiro ciclo)
- Celia Pereira Porto (PDI)
- Marta Pérez César (PAS)
- Inés Rey García (estudiante)
- José Antonio Seoane Rodríguez (PDI)
- María Torres Pose (estudiante)

Con posterioridade, no mes de febreiro de 2006, o Grupo de Dereito-ADI completou a súa composición actual coa incorporación de catro novos membros, pertencentes ao sector de estudantes:

- Eloy Cambeiro Canosa (estudiante)

- Alba Campos Vázquez (estudiante)
- Paula Pérez Fernández (estudiante)
- Ramón Vázquez Caamaño (estudiante)

A tarefa desenvolvida nestes meses se reflicte en tres informes, nos que o Grupo de Dereito-ADI reflexiona sobre a protección dos dereitos das persoas con discapacidade na Universidade da Coruña. O Informe 1/2006, elaborado a instancias do Decanato da Facultade de Dereito, analiza as condicións de accesibilidade dos servizos hixiénicos do centro, e a existencia dunha obriga de realizar reformas ou adaptacións para garantir a accesibilidade ás persoas con discapacidade. Os dous informes restantes foron elaborados como resposta ás solicitudes da ADI, e teñen un alcance máis xeral, pois abranguen a toda a comunidade universitaria coruñesa. O Informe 2/2006 reflexiona sobre a posíbel vulneración da normativa de protección de datos persoais derivada da inclusión na folla de matrícula dunha cela para manifestar a discapacidade dos estudantes universitarios, e o Informe 3/2006 faíno sobre a posibilidade de exención de taxas de matrícula dos estudantes que acrediten a súa condición de persoas con discapacidade.

INFORME 1/2006 SOBRE AS CONDICIÓN S DE ACCESIBILIDADE DOS SERVIZOS HIXIÉNICOS OU ASEOS DA FACULTADE DE DEREITO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O Decanato da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña, por medio do seu Vicedecano, solicitou ao Grupo de Dereito-ADI un informe sobre a regulación xurídica das condicións de accesibilidade dos servizos hixiénicos do edificio da Facultade de Dereito. Consúltase, en particular, se existe ou non unha obriga de realizar reformas ou adaptacións dos servizos hixiénicos actualmente existentes para facilitar o acceso das persoas con discapacidade usuarias do centro e, caso afirmativo, a natureza desta obriga, así como as condicións legais ou regulamentarias en que se debe proceder ao seu cumprimento.

Atendendo esta solicitude, e en cumprimento das súas funcións, o Grupo de Dereito-ADI emite o seguinte informe sobre as condicións de accesibilidade dos servizos hixiénicos ou aseos da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.

I

A normativa directamente aplicábel que atinxe ás condicións dos servizos hixiénicos ou aseos da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña está recollida en dúas normas de ámbito autonómico galego: a Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia [DOG núm. 166, do 29 de agosto] (en adiante LASBAGA), e o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia [DOG núm. 41, do 29 de febreiro] (en adiante RASBAGA).

A LASBAGA, ademais das referencias de carácter xeral, inclúe un artigo dedicado especificamente a un aspecto da materia que é obxecto de consulta: o artigo 18 LASBAGA, sobre as características dos aseos.

Artigo 18 LASBAGA. *Aseos*.

Os aseos de uso público que existan neste tipo de edificios deberán dispoñer, polo menos, dun aseo adaptado para cada sexo, composto como mínimo por un inodoro e un lavabo, que, cumprindo as características sinaladas nesta lei e as normas que a desenvolvan, lle poidan ser accesíbeis a calquera persoa.

Máis adiante, e precisando a regulación, o artigo 18 do anexo da Lei volve sobre o asunto, e remite á regulación contida no artigo 7 do devandito anexo.

Artigo 18 do anexo LASBAGA. *Aseos.*

Os aseos adaptados deseñaranse segundo o establecido no artigo 7 deste anexo para aseos de uso público adaptados (fig. 17).

Artigo 7 do anexo LASBAGA. *Parques, xardíns e espazos libres públicos.*

Aseos de uso público adaptados:

- Dimensión mínima: a dimensión mínima dos aseos adaptados será aquela que permita inscribir un círculo de 1,50 m de diámetro para o xiro das cadeiras de rodas e unha aproximación frontal ao lavabo e lateral ao inodoro de 0,80 m libres de obstáculos.
- Portas: as portas deixarán un espazo libre de paso de 0,80 m e abrirán cara ao exterior.

Aparellos:

- Lavabos: o lavabo será sen pé nin mobiliario inferior. Terá unha altura de 0,85 m sobre o nivel do chan. As billas serán de presión ou de panca.
- Inodoros: o inodoro terá unha altura comprendida entre 0,45 m e 0,50 m sobre o nivel do chan. Disporá de barras a ambos os dous lados do inodoro situadas a unha altura comprendida entre 0,30 m e 0,25 m sobre o nivel do asento, e será abatíbel a que se sitúe do lado do espazo de aproximación (fig. 10).

II

O desenvolvemento normativo dalgunhas cuestións tratadas na Lei é o obxecto do RASBAGA, que no seu artigo 33 trata máis unha vez desta cuestión.

Artigo 33 RASBAGA. *Servizos hixiénicos.*

Os servizos hixiénicos de uso público que existan neste tipo de edificios disporán, como mínimo, dunha unidade adaptada nas condicións previstas na base 2.3.1 do Código de accesibilidade ou dun aseo adaptado para cada sexo se se atopan dentro dos vestiarios dunha instalación deportiva.

Finalmente, a base 2.3.1 do Código de accesibilidade, que constitúe o contido do anexo I. Código de accesibilidade do RASBAGA, ofrece a derradeira resposta normativa específica.

2.3.1. Servizos hixiénicos

	Adaptado	Practicábel
A. Dimensión mínima.		
Os aseos deberán permitir a aproximación frontal ao lavabo e lateral ao inodoro, permitindo no espazo libre de obstáculos ata unha altura de 70 cm. un xiro de diámetro igual ou superior a:	1,50 m	1,20 m
B. Portas.		
As portas dos aseos, agás que a súa dimensión sexa tal que permita o xiro antes sinalado fóra do espazo varrido pola porta, deberán abrir cara ao exterior.		
A súa dimensión será tal que deixarán un espazo libre mínimo de:	0,80 m	0,80 m
Disporán dun tirador de presión ou panca para a apertura e dunha asa horizontal situadas a unha altura do chan que non será:		
Maior de:	1,20 m	1,30 m
Menor de:	0,90 m	0,80 m
C. Lavabos.		
Os lavabos situados en aseos adaptados ou practicábeis serán sen pedestal nin mobiliario inferior para permitir a aproximación frontal da cadeira, e deberá existir un espazo mínimo de aproximación de 0,80 m		
A altura superior do lavabo será de:	0,85 m	0,90 m
As billas serán de presión ou panca.		
D. Inodoros.		
Disporán de barras aos dous lados do inodoro, sendo abatíbel aquela que se sitúe ao lado polo que exista un espazo mínimo de 0,80 m para realizar a aproximación.		
As barras situaranse a unha altura do chan de:	0,70 m	0,80 m
E do nivel do asento de:	0,20 m	0,25 m
Os botóns e os mecanismos estarán situados a unha altura que non será:		
Maior de:	1,20 m	1,30 m
Menor de:	0,90 m	0,80 m
E. Pavimentos.		
Os pavimentos serán antiescaradíos e cando existan enreixados terán o espazo entre barras menores de 1 cm.		
F. Sinalización		
Os aseos reservados para as persoas con mobilidade reducida disporán dun letreiro, dun tamaño 0,10 x 0,10 m, co símbolo internacional de accesibilidade, que se situará enriba do tirador de apertura a unha altura do chan de 1,20 m.		

Fig 2.3.1. ASEO DE USO PÚBLICO ADAPTADO

III

O ámbito de aplicación territorial da LASBAGA e do RASBAGA aparece regulado expresamente ao comezo do texto articulado das dúas disposicións.

Artigo 2 LASBAGA. Ámbito de aplicación.

Están sometidas ás prescricións desta lei todas as actuacións levadas a cabo na Comunidade Autónoma de Galicia por entidades públicas ou privadas, así como polas persoas individuais, en materia de:

- planeamento, xestión ou execución urbanística,
- nova construción, rehabilitación ou reforma de edificacións,
- transporte e comunicación.

Artigo 2 RASBAGA. Ámbito de aplicación.

Este regulamento é de aplicación a todas as actuacións levadas a cabo na Comunidade Autónoma de Galicia por entidades públicas ou privadas, así como polas persoas individuais, en materia de planeamento, de xestión ou de execución urbanística; en nova construción, en rehabilitación ou en reforma de edificacións; en transporte e en comunicación.

IV

Con todo, é o ámbito temporal de aplicación o máis relevante para o suposto sometido a consulta. Eis a resposta legislativa ao devandito réxime.

Disposición adicional primeira LASBAGA.

As correspondentes administracións públicas galegas elaborarán os planos de adaptación e de supresión de barreiras previstas nesta lei nun prazo de dous anos desde a súa entrada en vigor. Estes planos serán revisados cada cinco anos e o prazo para a súa realización non superará os dez anos.

As administracións públicas galegas establecerán, anualmente, unha porcentaxe das súas partidas orzamentarias de investimento para a supresión das barreiras existentes nos edificios de uso público da súa titularidade ou sobre as que dispoñan, por calquera título do dereito de uso.

Disposición adicional cuarta LASBAGA.

O disposto na lei non será aplicábel:

a) Aos inmóbeis e aos espazos de uso público que se estiveren declarados bens de interese cultural ou incluídos en catálogos municipais de edificios protexidos, sempre que as modificacións necesarias afectaren elementos que son obxecto da protección.

Neste suposto, procederase á realización dun programa de accesibilidade, que terá por obxecto mellorar a accesibilidade e a eliminación daquelas barreiras que non precisen a realización de obras que afecten elementos protexidos. Nos casos en que isto non sexa posíbel, habilitaranse as axudas técnicas necesarias para que estes edificios se adecúen, na medida do posíbel, para a súa visita por persoas con limitacións ou con mobilidade reducida.

b) Aos proxectos de edificación e de urbanización que fosen visados polos colexios profesionais competentes na materia respectiva, antes da súa entrada en vigor.

c) Aos proxectos de edificación e de urbanización que teñan concedida licenza de obra na data da súa entrada en vigor.

V

Estas disposicións xurídicas son directamente aplicábeis a aquelas situacións en que a instalación ou o edificio comeza con posterioridade á súa aparición (1997, 2000), dado que terán de ser cumpridas desde un principio. As dificultades xorden no caso daqueles edificios ou instalacións xa rematados, e mesmo en funcionamento, con anterioridade á aparición ou á entrada en vigor da normativa aplicábel. Con maior precisión, no caso dun edificio público construído baixo a vixencia dunha norma anterior que non cumpre os requisitos esixidos por unha norma posterior, como é o caso da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña, que se rematou no ano 1995.

VI

Unha interpretación literal das disposicións transcritas (LASBAGA e RASBAGA) conduciría a afirmar que non son de aplicación ao suposto sometido a consulta e que se examina neste informe, na medida en que a Facultade de Dereito da UDC foi rematada no ano 1995, dous anos antes da promulgación da LASBAGA e cinco anos antes da promulgación do RASBAGA.

Porén, isto non implica que non existan obrigas da Administración universitaria en relación co obxecto da consulta. Máis aínda, este grupo considera que existen obrigas xurídicas referidas á accesibilidade dos servizos hixiénicos da Facultade de Dereito da UDC e, en particular, á súa adaptación ao disposto nas disposicións recentemente mencionadas. A análise da situación e das disposicións aplicábeis desde unha perspectiva sistemática e teleolóxica, que pretende achar a finalidade perseguida polas devanditas disposicións e por outras disposicións normativas que lles serven de fundamento, alén do teor literal, é o principal argumento a favor desta proposta de solución.

VII

A evolución das políticas sociais que gradualmente se implantaron desde as primeiras declaracións de dereitos e a progresiva asunción de funcións asistenciais e promocionais por parte dos órganos do Estado determinaron que o dereito á igualdade adquirise unha dimensión prestacional, que terá de ser satisfeita, principalmente, polas institucións públicas.

Así aparece na nosa Constitución (en adiante CE). No que atinxe en concreto ás persoas con discapacidade, a igualdade constitúese no texto constitucional (artigos 1.1, 9.2, 14 CE; tamén o artigo 49 CE) coma un dereito fundamental, un principio e un valor informador de todo o ordenamento xurídico da actuación dos poderes públicos, que teñen encomendadas certas actuacións neste ámbito, en particular a posta en marcha dunha política de supresión de barreiras de todo tipo para acadar os fins que a nosa Constitución impón.

Artigo 1.1 CE.

España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

Artigo 9.2 CE.

Correspóndelles aos poderes públicos promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e mais dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, removeren os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitaren a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

Artigo 14 CE.

Os españois son iguais perante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Artigo 49 CE.

Os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para o goce dos dereitos que este título [o dos dereitos fundamentais] concede a todos os cidadáns.

Esta igualdade, concibida como igualdade de oportunidades, e superadora, por tanto, da inicial concepción formal (igualdade na e perante a lei), é a máis axustada ao ditado do artigo 10.1 CE, marco de referencia do exercicio dos dereitos de todas as persoas, incluíndo ás persoas con discapacidade.

Artigo 10.1 CE.

A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social.

VIII

Desenvolvendo ou executando o mandato constitucional, e coa finalidade de garantir axeitadamente estes obxectivos, elaboráronse numerosas leis e regulamentos, tanto de carácter estatal como autonómico, que foron avanzando gradualmente nesta política de igualdade e accesibilidade das persoas con discapacidade. Cabe destacar, no ámbito estatal, a Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos (en adiante LISMI), que foi a primeira iniciativa lexislativa global sobre as persoas con discapacidade, e a máis recente Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade das persoas con discapacidade (en adiante LIGOPD), que representa a actualización e a mellora das respostas xurídicas á situación destas persoas e constitúe o marco lexislativo de referencia en calquera actuación pública en materia de igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade. Xunto a estas disposicións, no ámbito autonómico galego merece destacarse a mencionada LASBAGA e o seu regulamento de execución e de desenvolvemento (RASBAGA).

IX

Entre as diferentes medidas previstas polas devanditas disposicións están as que atinxen ás condicións mínimas obrigatorias que teñen que cumprir os edificios e as demais instalacións de carácter público co fin de seren practicábeis para todos os cidadáns, independentemente das deficiencias ou das discapacidades que poidan ter, sexan de carácter intelectual, físico ou sensorial.

X

O ámbito espacial ou territorial, o ámbito material e os obxectivos das disposicións xurídicas analizadas non formulan grandes inconvenientes de interpretación. Porén, o aspecto máis controvertido é o ámbito temporal de aplicación, en concreto a interpretación da transitoriedade prevista nas diferentes disposicións para o cumprimento dos mandatos ou das obrigas que nelas se inclúen.

Neste contexto cómpre facer mención da disposición vixente para o caso concreto que é obxecto de informe: o artigo 29 RASBAGA, referido á adaptación de edificios de uso público existentes, en concreto o establecido no número 3 do devandito artigo 29, nas letras a) e c)¹.

Artigo 29 RASBAGA. *Adaptación de edificios de uso público existentes.*

[...]

3. Con independencia das ampliacións ou das reformas anteriormente citadas os edificios de uso público existentes deberán adaptarse gradualmente ás normas sobre accesibilidade previstas neste regulamento de acordo coas seguintes regras e condicións:

a) As administracións públicas galegas establecerán anualmente unha porcentaxe das súas partidas orzamentarias de investimento para a supresión das barreiras existentes nos edificios de uso público da súa titularidade ou sobre os que dispoñan, por calquera título, do dereito de uso. Con tal finalidade elaboraranse planos de adaptación e de supresión de barreiras dentro do prazo de dous anos desde a entrada en vigor do presente regulamento. Estes planos serán revisados cada cinco anos e o prazo para a súa realización non superará os dez anos, podendo ser subvencionados con cargo ao fondo para a supresión de barreiras previsto na Lei 8/1997 e no presente regulamento.

[...]

c) As administracións públicas galegas e as persoas físicas e xurídicas titulares de edificios de uso público confeccionarán programas específicos para a supresión de barreiras na edificación, cuxos custos poderán subvencionarse polo fondo para a supresión de barreiras previsto na Lei 8/1997.

No que atinxe ao ámbito estatal, resulta ilustrativa a mención da disposición final sétima LISMI.

¹ O caso examinado non ten cabida no número 1 do artigo 29 RASBAGA, pois non se trata dunha obra de reforma de edificio da Facultade de Dereito que afecte un 20% ou máis da superficie inicial do edificio. A non aplicación deste artigo 29.1 RASBAGA ao suposto obxecto de consulta implica *a fortiori* a non aplicación do regulado no artigo 29.2 RASBAGA, que establece un réxime excepcional en relación co previsto no art. 29.1 RASBAGA.

Disposición final sétima LISMI.

Para adecuar o custo dos dereitos contidos nesta Lei de integración social dos minusválidos ás disponibilidades orzamentarias que permita a situación económica do país, establécese a seguinte listaxe de prioridades, que as administracións públicas deberán atender inexcusabelmente, na forma indicada abaixo. De todos os xeitos, o custo total da presente Lei debe estar plenamente asumido no prazo de dez anos a partir da súa entrada en vigor.

Estas prioridades serán as seguintes para os dous primeiros anos de aplicación da Lei:

- 1- Asistencia sanitaria e prestación farmacéutica.
- 2- Servizos sociais, en especial os centros ocupacionais para minusválidos profundos e grandes inválidos.
- 3- Subsidio de ingresos mínimos, mediante aumentos porcentuais, que serán realizados de xeito progresivo e continuado, e que se determinarán regulamentariamente, comezando cun mínimo que sexa superior ás actuais percepcións por este concepto.
- 4- Subsidio por axuda de terceira persoa.
- 5- Subsidio de mobilidade e compensación de transporte.
- 6- Normativa sobre educación especial.
- 7- Normativa sobre mobilidade e barreiras arquitectónicas.
- 8- Normativas sobre centros especiais de emprego.
- 9- Normativa sobre as equipas multiprofesionais.
- 10- Normativa sobre os programas permanentes de especialización e actualización previstos no artigo 63.2.

O resto das prestacións, subsidios, atencións e servizos poderán ser desenvolvidas con posterioridade ao prazo antes indicado, en función das necesidades xeradas pola aplicación da seguinte Lei.

Este desenvolvemento deberá facerse dun xeito progresivo e continuado, para que en cada bienio, até chegar ao prazo máximo de dez anos fixados anteriormente, se poñan en marcha as prestacións, os subsidios, as atencións e os servizos previstos nesta Lei ou se completen os xa iniciados.

Finalmente, cómpre referirse a dúas das disposicións adicionais da LIGOPD.

Disposición final quinta LIGOPD. Condicións básicas de accesibilidade e de non discriminación nas relacións coas administracións públicas.

1. No prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta Lei, o Goberno ha establecer as condicións básicas de accesibilidade e de non discriminación que, segundo o previsto no artigo 10, deberán cumprir as oficinas públicas, os dispositivos e os servizos de atención ao cidadán e aqueles de participación nos asuntos públicos, en que se inclúen os relativos á Administración de Xustiza e á participación na vida política e nos procesos electorais. En particular, dentro deste prazo, o Goberno adoptará para as persoas con discapacidades as normas que, con carácter xeral e en aplicación do principio de servizo aos cidadáns, considera o artigo 4 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado.

As condicións básicas de accesibilidade e non discriminación serán obrigatorias segundo o calendario seguinte:

a) No prazo de tres a cinco anos desde a entrada en vigor desta Lei, todos os contornos, produtos e servizos novos serán accesíbeis, e toda disposición, criterio ou práctica administrativa discriminatoria será corrixida.

b) No prazo de 14 a 17 anos desde a entrada en vigor desta Lei, todos os contornos, produtos e servizos existentes e toda disposición, criterio ou práctica cumprirán as esixencias de accesibilidade e de non discriminación.

2. No prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta Lei, o Goberno deberá realizar os estudos integrais sobre a accesibilidade daqueles contornos ou sistemas que se consideraren máis relevantes desde o punto de vista da non discriminación e da accesibilidade universal.

Disposición final sexta LIGOPD. Condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos bens e dos servizos a disposición do público.

1. No prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta Lei, o Goberno aprobará unhas condicións básicas de accesibilidade e de non discriminación, segundo o previsto no artigo 10 desta Lei, para o acceso e o emprego dos bens e dos servizos a disposición do público polas persoas con discapacidade. Estas condicións básicas serán obrigatorias segundo o calendario seguinte:

a) Nos bens e nos servizos novos de titularidade pública, no prazo de 5 a 7 anos desde a entrada en vigor desta Lei; nos novos de titularidade privada que concerten ou subministren ás Administracións públicas, no prazo de 7 a 9 anos; e no resto de bens e servizos de titularidade privada que sexan novos, no prazo de 15 a 17 anos.

b) Nos bens e servizos xa existentes e que sexan susceptíbeis de axustes razoábeis, os devanditos axustes deberán realizarse no prazo de 12 a 14 anos desde a entrada en vigor desta Lei, cando foren bens e servizos de titularidade pública ou bens e servizos de titularidade privada que concerten ou subministren ás Administracións públicas, e no prazo de 15 a 17 anos cando se tratar do resto de bens e servizos de titularidade privada.

2. No prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta Lei, o Goberno deberá realizar os estudos integrais sobre a accesibilidade a bens ou a servizos que se consideren máis relevantes desde o punto de vista da non discriminación e da accesibilidade universal.

XI

A amplitude dos prazos expostos, quer os contidos na normativa autonómica (LASBAGA, RASBAGA), quer na normativa estatal (LISMI, LIGOPD), podería interpretarse como unha razón ou unha xustificación legal -ou, no seu caso, regulamentaria- de non teren realizada ningunha modificación nas condicións de accesibilidade dos servizos hixiénicos ou aseos da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña, e mesmo de non teren prevista ningunha modificación a curto prazo.

Porén, e como se anticipou, este grupo considera que si existen obrigas de natureza xurídica, con apoio no texto constitucional e nalgunhas disposicións de rango legal que desenvolven os mandatos constitucionais. Alén dos preceptos e das razóns constitucionais mencionados (cfr. *supra* apartado VII), a nova LIGOPD proporciona os argumentos xurídicos máis sobranceiros que sustentan o noso parecer.

XII

Os prazos de execución ou de posta en marcha das medidas referidos nos apartados anteriores actúan unicamente como data límite ou de tope, e non como data de previsión, para o cumprimento das obrigas legais. Eis a única interpretación e a caracterización dos devanditos prazos coherente e harmónica co espírito e a letra da LIGOPD e do tratamento xurídico das persoas con discapacidade no noso sistema xurídico. A LIGOPD é a expresión e o desenvolvemento legais dun mandato constitucional e dunha demanda social: garantir a igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade; isto é, garantir as condicións para exerceren as súas capacidades básicas e participaren plenamente na vida social. No que atinxe ao obxecto deste informe, isto significa a accesibilidade das instalacións da Facultade de Dereito da UDC, en concreto aos servizos hixiénicos ou aseos, como estudantes ou persoas usuarias da UDC, e mesmo como cidadáns.

XIII

O prazo ao que se refire o artigo 29 RASBAGA, e outros semellantes presentes nas restantes disposicións xurídicas, non debe interpretarse como unha prórroga concedida ás Administracións públicas para comezaren a adoptar as medidas dirixidas a garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade. O Regulamento ou a Lei que establecen prazos para acomodar as situacións preexistentes ao seu contido non confíren ás Administracións unha canle para diferiren o cumprimento do prescrito até o termo ou o vencemento do prazo; o que fixan estas disposicións transitorias son prazos límites para que sexan reais as condicións que permiten o exercicio dos dereitos e o pleno goce deles por parte das persoas con discapacidade, destinatarias e beneficiarias das normas.

Esta conduta debe ser especialmente dilixente en materia de dereitos fundamentais e coherente coa situación das persoas con discapacidade como unha das primeiras liñas de actuación das políticas públicas, rexidas polo principio de transversalidade, coa diminución e a atención á dependencia e ao fomento da autonomía persoal, a vida independente e, especialmente no caso que é obxecto de informe, do principio de accesibilidade universal que está na base de todas as políticas sociais en materia de discapacidade (cfr. por todos o artigo 2 LIGOPD, referido aos principios na materia).

Artigo 2 LIGOPD. Principios.

Esta Lei inspírase nos principios de vida independente, normalización, accesibilidade universal, deseño para todos, diálogo civil e transversalidade das políticas en materia de discapacidade.

Para estes efectos, enténdese por:

a) Vida independente: a situación en que a persoa con discapacidade exerce o poder de decisión sobre a súa propia existencia e participa activamente na vida da súa comunidade, conforme ao dereito ao libre desenvolvemento da personalidade.

b) Normalización: o principio en virtude do cal as persoas con discapacidade deben poder levar unha vida normal, accedendo aos mesmos lugares, ámbitos, bens e servizos que están á disposición de calquera outra persoa.

c) Accesibilidade universal: a condición que deben cumprir os contornos, os procesos, os bens, os produtos e os servizos, así como os obxectos ou instrumentos, as ferramentas e os dispositivos, para ser comprensíbeis, utilizábeis e practicábeis por todas as persoas en condicións de seguranza e comodidade e da

forma máis autónoma e natural posíbel. Presupón a estratexia de “deseño para todos” e enténdese sen prexuízo dos axustes razoábeis que deban adoptarse.

d) Deseño para todos: a actividade pola que se concibe o proxecto, desde a orixe, e sempre que iso sexa posíbel, contornos, procesos, bens, produtos, servizos, obxectos, instrumentos, dispositivos ou ferramentas, de tal xeito que poidan ser empregados por todas as persoas, na maior extensión posíbel.

e) Diálogo civil: o principio en cuxa virtude as organizacións representativas de persoas con discapacidade e das súas familias participan, nos termos que establecen as leis e as demais disposicións normativas, na elaboración, na execución, no seguimento e na avaliación das políticas oficiais que se desenvolven na esfera das persoas con discapacidade.

f) Transversalidade das políticas en materia de discapacidade, no principio en virtude do cal as actuacións que desenvolven as Administracións públicas non se limitan unicamente a planos, programas e accións específicas, pensadas exclusivamente para estas persoas, senón que comprenden as políticas e as liñas de acción de carácter xeral en calquera dos ámbitos de actuación pública, onde se terán en conta as necesidades e as demandas das persoas con discapacidade.

XIV

Finalmente, cómpre facer mención do réxime xurídico da Universidade da Coruña, en concreto dos seus Estatutos (aprobados mediante o Decreto 1021/2004, do 13 de maio). Neles achamos dous preceptos que reforzan a nosa argumentación. Dunha banda, o artigo 4, localizado no título preliminar, que ten de vincularse con algunhas das disposicións constitucionais mencionadas, singularmente o artigo 1 CE (cfr. *supra* apartado VII).

Artigo 4 Estatutos UDC.

Na realización das súas actividades, a universidade aterase aos principios reitores do Estado social e democrático de Dereito, defensa da autonomía e liberdade de cátedra, promoción da calidade e a súa avaliación e o mellor servizo á sociedade e aos membros da comunidade universitaria.

Doutra banda, o artigo 61, integrado no capítulo I (*Disposicións xerais*) do título IV (*Da comunidade universitaria*), en particular a súa letra e), que subliña e reitera a importancia de garantir os dereitos das persoas integrantes da nosa Universidade.

Artigo 61 Estatutos UDC.

Os membros da comunidade universitaria teñen os dereitos recoñecidos na Constitución e nas leis e, en particular, a:

[...]

e. Todos aqueles que se lles recoñezan nas disposicións legais vixentes e nestes estatutos.

XV

Tomando en consideración os feitos e os argumentos expostos, o Grupo de Dereito-ADI considera que existe unha obriga xurídica da Universidade da Coruña de realizar canto antes as obras de reforma necesarias para acondicionar os servizos hixié-

nicos ou aseos da Facultade de Dereito, en que se garanta a accesibilidade e a posibilidade da súa utilización ás persoas con discapacidade, principalmente ás pertencentes á comunidade universitaria que son usuarias ordinarias deles. Facer o contrario, atrasar indefinidamente a reforma, podería interpretarse como un incumprimento da súa obriga e, en todo caso, reflectiría un parvo e insatisfactorio compromiso coa integración e a normalización das persoas con discapacidade na nosa institución universitaria.

Grupo Dereito-ADI

A Coruña, 10.5.2006

INFORME 2/2006 SOBRE A PERTINENCIA DE INCLUIR NA FOLLA DE MATRICULACIÓN NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA UNHA CELA DESTINADA A MANIFESTAR A DISCAPACIDADE DO ESTUDANTE MATRICULADO

A Unidade de Atención á Diversidade (ADI) da Universidade da Coruña, por medio da súa Colaboradora responsábel, solicitou ao Grupo de Dereito-ADI un informe sobre a pertinencia de incluír na follla de matriculación unha cela co fin de que os alumnos poidan indicar se teñen algún tipo de discapacidade –e, en consecuencia, detectar e remover os obstáculos que puidesen derivarse da súa discapacidade para o desenvolvemento dos seus estudos– e se o feito de solicitar esa información e proceder ao seu tratamento pode significar unha vulneración da normativa española de protección de datos.

Atendendo á devandita solicitude, e en cumprimento das súas funcións, o Grupo de Dereito-ADI emite o seguinte informe.

I

Para determinar se a inclusión na follla de matrícula dunha cela orientada a manifestar a discapacidade dos alumnos que desexan cursar estudos universitarios supón unha contravención da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal cómpre partir da análise das previsións contidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD) e da súa normativa regulamentaria.

II

A información referida á discapacidade dunha persoa constitúe un dato relativo á saúde e, por tanto, un “dato sensíbel” ou, a teor da LOPD, un dato “especialmente protexido”. Estes datos só “poderán ser obtidos, tratados e cedidos cando, por razóns de interese xeral, así o dispoña unha lei ou a persoa afectada consinta expresamente” (art. 7.3 LOPD). En consecuencia, e deixando á marxe o suposto de que unha disposición legal o dispoña, para que se poida proceder ao tratamento dos datos sensíbeis é preciso o consentimento expreso das persoas afectadas.

Así, a inclusión da cela en cuestión na follla de matrícula non suporía unha infracción do disposto no artigo 7.3 LOPD, toda vez que o alumno que se matricula é libre de manifestar a súa discapacidade marcando ou non a correspondente cela. Ademais, no caso de que procedese a marcar a cela, o estudante estaría consentindo expresamente o

tratamento deses datos de acordo coa finalidade que se indique, co que se estaría cumprindo plenamente a previsión contida na LOPD.

III

Xunto co consentimento, outro dos principios reitores da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal é o relativo á información, recollido no artigo 5 LOPD.

Artigo 5 LOPD. Dereito á información na recollida de datos.

1. Os interesados aos que se soliciten datos persoais deberán ser previamente informados de xeito expreso, preciso e inequívoco:

a) Da existencia dun ficheiro ou dun tratamento de datos de carácter persoal, da finalidade da recollida destes e dos destinatarios da información.

b) Do carácter obrigatorio ou facultativo da súa resposta ás preguntas que lles sexan formuladas.

c) Das consecuencias da obtención dos datos ou da negativa a subministralos.

d) Da posibilidade de exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

e) Da identidade e dirección do responsable do tratamento ou, no seu caso, do seu representante.

Cando o responsábel do tratamento non estea establecido no territorio da Unión Europea e utilice no tratamento de datos medios situados en territorio español, deberá designar, agás que tales medios se utilicen con fins de trámite, un representante en España, sen prexuízo das accións que puideren emprenderse contra o propio responsábel do tratamento.

2. Cando se utilizaren cuestionarios ou outros impresos para a recollida, figurarán neles, en forma claramente lexíbel, as advertencias a que se refire o apartado anterior.

[...]

No suposto que analizamos cabe a posibilidade de informar dos extremos salientados a través dos propios cuestionarios utilizados para obter os datos (cfr. art. 5.2 LOPD). Desde esta perspectiva, o feito de informar acerca do tratamento do dato relativo á discapacidade non presenta ningunha singularidade. Por tanto, bastaría que no impreso para a recollida dos datos (folia de matrícula ou folia informativa adxunta) figurasen as informacións pertinentes en forma claramente lexíbel.

IV

Dilucidada a cuestión anterior, debería xulgarse agora o tratamento dos datos que son obxecto de discusión á luz dos principios establecidos no artigo 4 LOPD, concretamente os principios de calidade e finalidade, pois só no caso de que tales principios fosen plenamente satisfeitos estaríamos en presenza dun tratamento lícito. En concreto, requiriríase que os datos fosen “axeitados, pertinentes e non excesivos en relación co ámbito e as finalidades determinadas, explícitas e lexítimas para as que se obtivesen” (art. 4.1 LOPD).

A este respecto, cómpre partir da consideración da Universidade como institución integrante da Administración Pública e, por tanto, suxeita nas súas relacións cos estudantes aos principios e as obrigas contidos na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade das persoas con discapacidade (LIGOPD). Neste contexto cabe destacar, entre outros, o deber dos poderes públicos de adoptar medidas contra a discriminación que tendan a “prever ou corraxir que unha persoa con discapacidade sexa tratada dunha maneira directa ou indirecta menos favorablemente que outras que non o sexan, nunha situación análoga ou comparable” (art. 6.1 LIGOPD).

De igual xeito, xa con carácter específico, debe terse en conta que a finalidade para a que van ser obtidos os datos relativos á discapacidade dos estudantes está directamente relacionada coas funcións que a propia Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (LOU) encomenda ás universidades, co que se considera que os datos relativos á discapacidade son axeitados, pertinentes e non excesivos (cfr. o mencionado art. 4.1 LOPD). En efecto, as universidades han velar polo efectivo cumprimento dos dereitos dos estudantes, entre os que figura “a igualdade de oportunidades e non discriminación, por circunstancias persoais ou sociais, incluída a discapacidade, no acceso á Universidade, o ingreso nos centros, a permanencia na Universidade e o exercicio dos seus dereitos académicos” (art. 46.2 LOU).

V

Polo que atinxe á confidencialidade dos datos de discapacidade debe terse presente o deber de segredo que pesa sobre o responsábel do ficheiro e sobre quen interveña en calquera fase do tratamento dos datos de carácter persoal, unha obriga que subsistirá despois de finalizar as súas relacións coa persoa titular do ficheiro ou, se for o caso, coa persoa responsábel del (cfr. art. 10 LOPD).

VI

Na medida en que os datos referidos á discapacidade dun estudante teñen a consideración de datos sensíbeis e merecedores de especial protección, o seu tratamento implica a obriga da persoa responsábel do ficheiro de establecer unhas medidas de seguranza determinadas, que tendan a evitar a alteración, a perda, o tratamento ou o acceso non autorizado aos datos (cfr. art. 9 LOPD). No caso concreto obxecto deste informe, a persoa responsábel do ficheiro debería adoptar medidas de seguranza de nivel alto, nos termos contemplados no Real Decreto 994/1999, do 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal (cfr. arts. 4.3 e 23 a 26 RMS).

VII

De acordo cos feitos e cos argumentos anteriores, o Grupo de Dereito-ADI considera que a inclusión dunha cela na folla de matrícula universitaria en que os estudantes poidan incluír manifestacións sobre a súa discapacidade é plenamente respectuosa coa normativa española en materia de protección de datos, sempre que se axuste aos parámetros indicados.

Así mesmo, o Grupo de Dereito-ADI considera que a inclusión da mencionada cela para a manifestación da discapacidade na folla de matrícula universitaria favorece

a integración e garante a igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade, alén doutras finalidades esixibeis neste contexto ás Administracións públicas, entre as que se inclúe a Universidade da Coruña.

Grupo Dereito-ADI

A Coruña, 15.5.2006

INFORME 3/2006 SOBRE A POSIBILIDADE DE EXENCIÓN DE TAXAS DE MATRÍCULA DOS ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA QUE ACREDITEN A CONDICIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

A Unidade Universitaria de Atención á Diversidade (ADI) da Universidade da Coruña deu traslado ao Grupo de Dereito-ADI dunha consulta presentada por unha estudante sobre a posibilidade de ficar exenta de pagar as taxas de matrícula tras a acreditación da súa condición de persoa con discapacidade.

Atendendo á devandita solicitude, e en cumprimento das súas funcións, o grupo de Dereito-ADI emite o seguinte informe.

I

Con carácter preliminar, cómpre delimitar o ámbito subxectivo de aplicación no tema que é obxecto do informe; isto é, quen sería titular e podería beneficiarse do dereito á exención de taxas de matrícula universitaria. A noción de persoa con discapacidade presente na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (LIGOPD) ofrece a resposta:

Artigo 1.2 LIGOPD.

Para os efectos desta Lei, terán a consideración de persoas con discapacidade aquelas a quen se lles recoñecera un grao de minusvalía en grao igual ou superior ao 33 por 100, os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou de grande invalidez, e os pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

A acreditación de minusvalía realizarase nos termos establecidos regulamentariamente e terá validez en todo o territorio nacional.

Esta referencia lexislativa á persoa con discapacidade ten carácter xenérico e abrangue todas aquelas que empreguen denominacións análogas, como a pretérita “persoas con minusvalía”. Esta tese é a seguida na disposición adicional oitava do Proxecto de lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (abril de 2006), que é a iniciativa lexislativa máis sobranceira dirixida á protección das persoas con discapacidade.

Disposición final oitava. Terminoloxía.

As referencias que nos textos normativos se efectúan a “minusválidos” e a “persoas con minusvalía” se entenderán realizadas a “persoas con discapacidade”.

A partir da entrada en vigor da presente Lei, as disposicións normativas elaboradas polas Administracións públicas utilizarán os termos “persoa con discapacidade” ou “persoas con discapacidade” para denominalas.

II

A Constitución española de 1978 (CE) atribúe aos poderes públicos un grupo de obrigas en relación coas persoas con discapacidade, enunciadas especificamente no artigo 49.

Artigo 49 CE.

Os poderes públicos realizarán unha política de previsión, de tratamento, de rehabilitación e de integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán a atención especializada que requiran e os ampararán especialmente para o goce dos dereitos que este título concede a todos os cidadáns.

Entre os dereitos recoñecidos constitucionalmente aos cidadáns españois mencionados no título I da Carta Magna está o dereito á educación, regulado no artigo 27.

Artigo 27 CE.

1. Todos teñen dereito á educación. Recoñécese a liberdade de ensino.
2. A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e ás liberdades fundamentais.
3. Os poderes públicos garanten o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.
4. O ensino básico é obrigatorio e gratuíto.
5. Os poderes públicos garanten o dereito de todos á educación, mediante unha programación xeral do ensino, con participación efectiva de todos os sectores afectados e a creación de centros docentes.
6. Recoñéceselles ás persoas físicas e xurídicas a liberdade de creación de centros docentes, dentro do respecto aos principios constitucionais.
7. Os profesores, os pais e, se procede, os alumnos intervirán no control e na xestión de todos os centros sostidos pola administración con fondos públicos, nos termos que a lei estableza.
8. Os poderes públicos inspeccionarán e homologarán o sistema educativo para garantiren o cumprimento das leis.
9. Os poderes públicos axudarán os centros docentes que reúnan os requisitos que a lei estableza.
10. Recoñécese a autonomía das universidades, nos termos que a lei estableza.

III

O artigo 49 CE foi obxecto de desenvolvemento legislativo mediante a Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos (LISMI). A sección tercei-

ra do título VI ocúpase da educación, e nela se atopa a regulación máis explícita sobre a gratuidade do ensino para os estudantes con discapacidade, en concreto no seu artigo 30.

Artigo 30 LISMI.

Os minusválidos, na súa etapa educativa, terán dereito á gratuidade do ensino, nas institucións de carácter xeral, nas de atención particular e nos centros especiais de acordo co que dispón a Constitución e as leis que a desenvolven.

O artigo 30 LISMI, na medida en que refire a gratuidade do ensino á etapa educativa nas “institucións de carácter xeral”, non ofrece unha resposta expresa á situación do ensino superior.

IV

O exame da lexislación universitaria confirma a inexistencia dunha regulación específica sobre a exención do pagamento das taxas de matrícula universitaria das persoas con discapacidade. Porén, esta normativa contén argumentos para fundamentar a devandita gratuidade do ensino universitario. Neste sentido merecen especial atención dúas disposicións da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU): dunha banda o artigo 46, referido aos dereitos dos estudantes e ao seu exercicio; doutra, a disposición adicional vixésimo cuarta, que contén unha mención concreta que conecta a LOU coa LISMI.

Artigo 46. Dereitos e deberes dos estudantes.

[...]

2. Os Estatutos e as normas de organización e de funcionamento desenvolverán os dereitos e os deberes dos estudantes, así como os mecanismos para a súa garantía. Nos termos establecidos polo ordenamento xurídico, os estudantes terán dereito a:

[...]

b) A igualdade de oportunidades e non discriminación, por circunstancias persoais ou sociais, incluída a discapacidade, no acceso á Universidade, no ingreso nos centros, na permanencia na Universidade e no exercicio dos seus dereitos académicos.

[...]

e) O asesoramento e a asistencia por parte de profesores e de titores no modo en que se determinar.

Disposición adicional vixésimo cuarta. Da integración de estudantes con discapacidade nas Universidades.

As Universidades no desenvolvemento da presente Lei terán en conta as disposicións da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, e a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, no referente á integración de estudantes con discapacidades no ensino universitario, así como nos procesos de selección de persoal aos que se refire a presente Lei.

V

O carácter aberto e xeral do artigo 30 LISMI fai precisa unha interpretación del. En primeiro lugar, cabe subliñar o feito de que o artigo 30 LISMI faga mención

da “etapa educativa” da persoa con discapacidade e non do ensino obrigatorio. Desde un punto de vista literal, é posíbel afirmar que o mandato da gratuidade do ensino ten como potenciais beneficiarios non só aqueles estudantes con discapacidade que cursan os seus estudos básicos obrigatorios (ensino primario e ensino secundario), senón tamén todos aqueles que estean a cursar estudos superiores, como continuación da súa etapa educativa. Esta interpretación literal ampla, xunto cunha interpretación obxectivo-evolutiva, achegada á realidade social e ao noso contexto sociocultural, conduce a incluír os estudos universitarios na “etapa educativa” á que fai mención o artigo 30 LISMI.

A opción interpretativa apuntada ven reforzada por unha interpretación sistemática da propia LISMI. O artigo 30 LISMI forma parte da sección terceira (“Da educación”) do título VI (“Da rehabilitación”), na que se localiza tamén o artigo 31 LISMI, que no seu apartado 2, se refire expresamente aos estudos universitarios.

Artigo 31.

[...]

2. Os minusválidos que cursaren estudos universitarios, e a súa minusvalía lles dificulte gravemente a adaptación ao réxime de convocatorias establecido con carácter xeral, poderán solicitar e os centros haberán de conceder a ampliación do seu número na medida que compense a súa dificultade. Sen minsga do nivel esixido, as probas se adaptarán, no seu caso, ás características da minusvalía que presente a persoa interesada.

Así, mediante diversos criterios interpretativos chégase a idéntica conclusión: a “etapa educativa” da persoa con discapacidade á que fai mención o artigo 30 CE comprende tamén a “etapa universitaria”.

VI

Afondando na interpretación sistemática, debe sinalarse que as previsións normativas tendentes a facilitar ás persoas con discapacidade o acceso ao sistema educativo superior son unha constante na lexislación universitaria. Neste sentido, xunto coa previsión contida na xa mencionada disposición adicional vixésimo cuarta LOU, debe terse en conta a regulación establecida no Real Decreto 1742/2003, do 19 de decembro, polo que se establece a normativa básica para o acceso aos estudos universitarios de carácter oficial. Alén do artigo 14.2, referido á reserva de prazas para persoas con discapacidade, é a Disposición adicional cuarta a que contén unha regulación máis clarificadora.

Disposición adicional cuarta. Persoas con discapacidade

O acceso dos estudantes con discapacidade aos estudos universitarios de carácter oficial basearase nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes.

Os procedementos de admisión de estudantes establecidos neste Real decreto e nas súas normas ou actos de desenvolvemento que sexan establecidos polas universidades conterán as medidas que resulten necesarias para a adaptación de aqueles ás necesidades especiais destas persoas.

Máis unha vez, resulta evidente que a exención de taxas no ámbito universitario representa unha medida que apunta directamente á consecución do fin enunciado na disposición regulamentaria, consistente en facilitar o acceso das persoas con discapacidade aos estudos superiores, de acordo cos principios constitucionais e lexislativos básicos neste ámbito.

VII

En conexión co que se acaba de expor, cómpre salientar que no momento actual algunhas Administracións públicas xa están a recoñecer o dereito de exención de taxas para os estudantes con discapacidade. Nalgunhas ocasións son as Administracións educativas as que elaboran ao respecto normas de carácter xeral: é o caso do Departamento de Educación, Universidades e Investigación do País Vasco, que na Orde do 20 de xuño de 2005, pola que se fixan os prezos para satisfacer pola prestación dos servizos académicos universitarios no ano académico 2005–2006, establece o seguinte:

Artigo 11. Persoas con discapacidade.

Os estudantes con discapacidade ou minusvalía en grao igual ou superior ao 33%, declarada por un órgano competente, terán dereito á exención total de taxas nos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios. O Departamento de Educación, Universidades e Investigación abonará á Universidade o importe dos prezos por servizos de ensino correspondentes a estas persoas.

Noutros casos son as propias universidades as que formalmente dan cumprimento ao mandato da gratuidade do ensino para as persoas con discapacidade. A título ilustrativo así acontece na Universidade de Xaén (Resolución do 15 de xullo de 2005, da Reitoría da Universidade de Xaén, pola que se fai pública a Normativa de matrícula e réxime de permanencia na devandita universidade, para o curso 2005–2006).

Quinto. Axudas, bonificacións e compensacións de prezos públicos.

[...]

4. En aplicación do artigo 30 da Lei 13/1982, do 17 de abril, de integración social de minusválidos, gozarán de subvencións para atender ao pagamento dos prezos de matrícula de estudos universitarios, con cargo aos orzamentos da Consellería de Educación e Ciencia da Xunta de Andalucía, os estudantes con minusvalías que cumpran as seguintes condicións: [...].

A actuación das Administracións educativas autonómicas e das institucións universitarias, quer mediante políticas públicas, quer mediante medidas xurídicas destinadas a garantir a gratuidade do ensino universitario das persoas con discapacidade, dista de ser uniforme e universal no ámbito territorial do Estado. Esta heteroxénea e dispar circunstancia normativa pode dar lugar a situacións inxustificadas de desigualdade, se tomamos en consideración a obriga constitucional dos poderes públicos de tender á igualdade entre todos os españois (art. 9.2 CE) e de prover a remoción daqueles obstáculos que impidan que as persoas con discapacidade podan obter un trato igualitario (art. 49 CE).

VIII

O carácter integrador da normativa referente aos dereitos das persoas con discapacidade esixe tamén unha remisión aos preceptos da CE referidos á igualdade para acadarmos unha interpretación axeitada do artigo 30 LISMI. No texto constitucional (artigos 1.1, 9.2, 14 CE) a igualdade ten a consideración de dereito fundamental, principio e valor informador de todo o ordenamento xurídico e da actuación dos poderes públicos.

Artigo 1.1 CE.

España constitútese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

Artigo 9.2 CE.

Correspóndelles aos poderes públicos promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e mais dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, removeren os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitaren a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

Artigo 14 CE.

Os españois son iguais perante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Esta comprensión da igualdade, concibida coma igualdade de oportunidades, é a máis axustada ao ditado do artigo 10.1 CE, marco de referencia do exercicio dos dereitos de todas as persoas, incluíndo as persoas con discapacidade.

Artigo 10.1 CE.

A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social.

IX

As disposicións recentemente apuntadas constitúen mandatos constitucionais, con forza vinculante para as Administracións públicas, que deben garantir a obtención da devandita finalidade de igualdade das persoas con discapacidade. O camiño lexislativo iniciado coa LISMI foi confirmado e actualizado dúas décadas despois coa LIGOPD, definindo o marco xeral de actuación das Administracións públicas, entre elas a Universidade, e que apunta precisamente á garantía da igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade. Algunhas disposicións regulamentarias mencionadas (cfr. *supra* VII) son exemplos concretos da capacidade e da eficacia normativa dos poderes públicos no logro deses obxectivos no específico contexto dos estudos superiores universitarios.

As normas constitucionais e as leis que as desenvolven cumpren, así mesmo, unha decisiva misión orientadora da tarefa interpretativa, pois fixan o horizonte valorativo ao que teñen de fitar as políticas públicas que as levan á práctica. Un exemplo de interpretación do artigo 30 LISMI de acordo cos parámetros expostos e da subseguinte actuación das institucións estatais, reclamando a gratuidade das taxas do ensino universitario para as persoas con discapacidade, está na actuación do Defensor do Pobo ou, dun xeito aínda máis sobranceiro, na Proposición non de lei da Comisión non permanente do Congreso dos Deputados para as políticas integrais da discapacidade (número de expediente 161/000106), recollida no Diario de Sesións do 22 de febreiro de 2005.

Proposición non de lei para facer efectiva a exención de taxas para estudantes con discapacidade no ensino universitario.

A Comisión non permanente para as políticas de discapacidade do Congreso dos Deputados insta o Goberno a que en coordinación e de acordo coas CC.AA. e co Consello de Coordinación Universitaria, impulse as medidas necesarias para dar cumprimento ao establecido no artigo 30 da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social de minusválidos respecto das taxas do ensino universitario para as persoas con discapacidade.

X

De acordo cos feitos e argumentos anteriores, o Grupo de Dereito-ADI considera que unha interpretación literal, obxectivo-evolutiva e teleolóxico-sistemática do artigo 30 LISMI permite tirar como conclusión a gratuidade de taxas do ensino universitario para as persoas con discapacidade.

O Grupo de Dereito-ADI estima que a gratuidade de taxas de matrícula universitaria das persoas con discapacidade favorece a integración e garante a igualdade de oportunidades destas persoas, e mesmo permite acadar outras finalidades propias das Administracións públicas e, en particular, da institución universitaria.

O Grupo de Dereito-ADI considera que o mandato contido no artigo 30 LISMI, en relación coas previsións constitucionais, lexislativas e regulamentarias apuntadas nos apartados anteriores, vincula ás Administracións públicas, entre elas a Administración educativa da Comunidade Autónoma de Galiza e a Universidade da Coruña.

O Grupo de Dereito-ADI estima que a non previsión ou adopción de medidas para a supresión das taxas de matrícula nos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios para os estudantes con discapacidade, tanto por parte da Administración educativa autonómica galega como por parte das institucións universitarias, e máis en concreto na Universidade da Coruña, podería interpretarse como conculcación ou incumprimento do devandito mandato.

Por todo isto, o Grupo de Dereito-ADI insta a Universidade da Coruña para que, no vindeiro curso académico (2006-2007), inclúa as persoas con discapacidade entre ás supostos de matrícula gratuíta ou de exención de taxas de matrícula nesta Universidade.

Así mesmo, o Grupo de Dereito-ADI insta a Universidade da Coruña para que promova esta medida no Sistema Universitario Galego e solicite da Administración educativa da Comunidade Autónoma de Galiza a adopción de medidas conducentes á exención de taxas de matrícula universitaria das persoas con discapacidade, en particular mediante a promulgación de normas xurídicas que doten de maior eficacia e seguranza xurídica á súa actuación no cumprimento da devandita finalidade.

Grupo Dereito-ADI
A Coruña, 29.6.2006